

Aspectos de Sintaxe

Índice

1.- A Sintaxe e as unidades sintácticas

1.1. A oración e a frase

1.2. Tipos de frases

1.2.1. A frase nominal

1.2.2. A frase adxectiva

1.2.3. A frase adverbial

1.2.4. A frase preposicional

1.2.5. A frase verbal

1.3. Tipos de oracións

1.3.1. Segundo a actitude do falante

1.3.2. Segundo a natureza do predicado

1.3.3. Segundo a estrutura sintáctica.

2. As funcións sintácticas

2.1. O suxeito

2.2. O predicado

2.3. O complemento directo

2.4. O complemento indirecto

2.5. O complemento de solidariedade

2.6. O complemento de réxime ou suplemento

2.7. O complemento circunstancial

2.8. O complemento axente

2.9. O atributo

2.10. O complemento predicativo

3. A análise sintáctica

4. As oracións compostas

4.1. A coordinación

4.2. A subordinación

4.2.1. A subordinación substantiva

4.2.2. A subordinación adxectiva

4.2.3. A subordinación adverbial

5. Apéndice. Os valores do se

1. A Sintaxe e as unidades sintácticas.

A **Sintaxe** é a parte da Gramática que estuda as relacións que hai entre as palabras no interior da oración e as funcións que desempeñan os distintos elementos que a constitúen. É unha disciplina moi relacionada coa Morfoloxía. Ambas comparten un mesmo obxecto de estudo, a palabra, pero abórdano desde dúas perspectivas diferentes: a Morfoloxía estuda a forma da palabra (estrutura, formación do plural, formación do feminino, conxugación...), mentres que a Sintaxe estuda as relacións que establecen as palabras entre si (a súa agrupación en unidades superiores e as funcións que desempeñan estas).

1.1. A oración e a frase.

A unidade no interior do cal teñen lugar as funcións sintácticas é a **oración**. É a unidade sintáctica do máis alto nivel xerárquico, composta por unha palabra ou un conxunto de palabras con significado completo, que presenta unha marca específica de predicación (verbo).

Emprégase o termo **enunciado** para designar á palabra ou conxunto de palabras que expresa(n) unha mensaxe con sentido completo. Así, toda oración é un enunciado, pero un enunciado pode ser unha oración ou ben unha frase ou unha palabra que non constitúa oración. Na seguinte serie de enunciados, unicamente os dous primeiros son oracións. O (c) e o (d) son enunciados por presentaren sentido completo, mais non son oracións porque non levan un verbo no seu interior.

- a) Nunca encontraremos a solución dese enigma.
- b) Ven.
- c) Paso prohibido.
- d) Coidado!


As palabras agrúpanse en frases (ou sintagmas). Unha **frase** é un conxunto de palabras que desempeñan de maneira unitaria unha función no interior da oración. Así, na oración "Os mobles foron transportados moi lentamente por persoas pouco preparadas", encontramos unha frase nominal desempeñando a función de suxeito (Os mobles antigos), unha frase verbal desempeñando a función de predicado (foron transportados moi lentamente por persoas pouco preparadas) e, dentro desta, unha frase adverbial desempeñando a función de complemento circunstancial (moi lentamente) e unha frase preposicional desempeñando a función de complemento axente (por persoas pouco preparadas). Esta última leva no seu interior unha frase nominal (persoas pouco preparadas) no termo, e esta, súa vez, inclúe unha frase adxectiva (pouco preparadas) funcionando como modificador. Vemos que é moi habitual que, manifestando a propiedade denominada recursividade, as frases (como sucede tamén coas oracións) presenten no seu interior outras frases.

1.2. Tipos de frases

1.2.1. A frase nominal

A frase nominal é aquela que ten como núcleo un substantivo ou un pronome. Ademais do núcleo, pode ter estar tamén constituída por un ou varios determinantes e por un ou varios modificadores. A función de determinante está desempeñada polos artigos, os demostrativos, os posesivos, os indefinidos e os numerais. Os modificadores poden ser adxectivos, frases preposicionais ou oracións subordinadas adxectivas.


Determinante	Núcleo	Modificador
Artigo: "as" Demostrativo: "estas" Posesivo: "(as) miñas" Indefinido: "algunhas" Numeral: "dúas"	Pronome: "ela" Substantivo: "festas"	Adxectivo: "populares" Frase prep.: "de inverno" Or. sub. adx.: "que lembramos"



1.2.2. A frase adxectiva

É aquela que ten como núcleo un adxectivo. Pode levar tamén un ou varios modificadores. Estes poden ser adverbios, cando preceden o núcleo, ou frases preposicionais ou oracións subordinadas substantivas, cando van despois do núcleo.


Modificador	Núcleo	Modificador
Adverbio: "moi"	Adxectivo: "farto"	Frase prep.: "da televisión" Or. sub subst.: "de que te burles de min"



1.2.3. A frase adverbial

É aquela que ten como núcleo un adverbio. Pode levar tamén un ou varios modificadores. Estes poden ser adverbios, cando preceden o núcleo, ou frases preposicionais ou oracións subordinadas substantivas, cando van despois do núcleo.


Modificador	Núcleo	Modificador
Adverbio: "enormemente"	Adverbio: "lonxe"	Frase prep.: "dos obxectivos buscados" Or. sub subst.: "de que fose suficiente"



1.2.4. A frase preposicional

É aquela que vai introducida por unha preposición, que funciona como relacionante ou enlace. O resto da frase denomínase termo e pode estar constituído por un substantivo, un pronome, unha frase nominal, un adverbio, unha frase adverbial ou unha oración subordinada substantiva.


Relacionante	Termo
Preposición: "de"	Substantivo: "París" Pronome: "min" Frase nominal: "tantas inxustizas" Adverbio: "lonxe" Frase adverbial: "moi lonxe" Oración subordinada subst.: "que non nos informen"



1.2.5. A frase verbal

É aquela que ten como núcleo un verbo ou unha perífrase verbal e constitúe o predicado da oración. Dentro dela encóntranse os elementos que desempeñen todas as funcións primarias, con excepción do suxeito.

Núcleo	Complementos (funcións primarias)
Verbo: "chegou" "enviou" "está"	C. Predicativo: "moi fatigado" C. Circunstancial: "a altas horas da madrugada" C. Directo: "un aviso urxente" C. Indirecto: "aos interesados" Atributo: "moi feliz" [...]



1.3.- Tipos de oracións

As oracións poden clasificarse segundo criterios moi diferentes, ben desde unha perspectiva estritamente sintáctica, como o da súa estrutura sintáctica ou a natureza do seu predicado, ben desde perspectivas algo diferentes á estritamente sintáctica, como a actitude do falante.

1.3.1. Segundo a actitude do falante

Segundo sexa a intención da falante á hora de emitir a mensaxe, podemos encontrar as seguintes modalidades de oracións.

Enunciativas	Expoñen unha información sen ningún matiz especial.	"A proposta non foi aceptada".
Exclamativas	Expresan con intensidade os sentimentos. Van marcadas por un signo de exclamación.	"Que gran película!"

Dubitativas	Expresan dúbida ou posibilidade.	"Talvez vaia de vacacións a Portugal".
Interrogativas	Expoñen unha pregunta. Pode ser total ou parcial, directa ou indirecta.	"Cres que chegaremos a tempo?"
Desiderativas	Expresan un desexo.	"Oxalá poidamos rematar a tempo".
Exhortativas	Expoñen unha orde, mandato ou petición.	"Búscame canto antes esa información".

1.3.2. Segundo a natureza do predicado

Segundo a natureza do predicado, pódense establecer diferentes tipos de clasificacións da oración.

Persoais	O predicado presenta suxeito (explícito ou omitido).	"Estaban deitados sobre a herba".
Impersoais	O predicado carece de suxeito.	"Alí estíbese moi mal".
Copulativas	Presentan verbo copulativo.	"Parecían unhas almas en pena".
Predicativas	Presentan verbo non copulativo.	"Transportaron os feridos".
Transitivas	Aceptan complemento directo.	"Convocaron o certame".
Intransitivas	Non admiten complemento directo.	"O voo chegou ao aeroporto cun gran retardo".
Activas	O suxeito realiza a acción do verbo.	"As vacas pacían tranquilamente".
Pasivas	O suxeito recibe a acción do verbo.	"As vacas foron transportadas onte".

As oracións de pasiva admiten unha dobre construción. Poden estar constituídas por un suxeito paciente, un verbo en forma de pasiva e, facultativamente, un complemento axente ("As vacas foron transportadas por unha empresa especializada"), ou ben mediante unha

construción de **pasiva reflexa**. Neste caso, emprégase o pronome *se* cun verbo en voz activa (“Transportáronse as vacas por unha empresa especializada”). [Podes ver os distintos valores que pode presentar a forma *se* no apéndice do documento].

1.3.3. Segundo a estrutura sintáctica

Segundo a súa estrutura sintáctica, pódense distinguir tres tipos de oracións.

Simples	Presentan un único predicado.	“Alexandra estuda Medicina”.
Compostas por coordinación	Presentan dous ou máis predicados do mesmo rango xerárquico.	“Alexandra estuda Medicina e traballa de socorrista”.
Compostas por subordinación	Presentan dous ou máis predicados, estando un deles incluído noutro ou dependendo sintacticamente del.	“Alexandra estuda Medicina, que é unha carreira moi complicada”.

2.- As funcións sintácticas

No interior da oración, hai dous tipos de funcións sintácticas: as **primarias**, que son aquelas que aparecen no nivel xerárquico máis alto (suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento de solidariedade, complemento de réxime, complemento circunstancial, complemento axente, atributo e complemento predicativo) e as **secundarias**, que son aquelas que se encontran no interior das frases (núcleo, determinante, modificador, relacionante e termo). Xa vimos as funcións secundarias; pasamos agora a realizar unha descrición da estrutura e tipos das funcións primarias.

2.1.- O suxeito

O suxeito é a parte da oración que realiza ou recibe a acción expresada polo verbo. Pode estar constituído por un substantivo, por un pronome, por unha frase nominal, por unha oración subordinada substantiva ou por algún outro elemento substantivado.

Substantivo: “Xián non encontrou o que procuraba”.

Pronome: “El non encontrou o que procuraba”.

Frase nominal: “Resultoume estraña a túa reacción”.

Oración subordinada substantiva: “Resultoume estraño que reaccionases dese xeito”.

O núcleo do suxeito establece unha **concordancia** de número e persoa co núcleo do predicado: “*Resultoume* estraña a túa *reacción*” vs. “*Resultáronme* estrañas as túas *reaccións*”. A concordancia non se produce, loxicamente, cando o suxeito está desempeñado por unha oración subordinada. Neste caso, pódese comprobar a concordancia entre o suxeito e o predicado, substituíndo a subordinada por unha expresión equivalente: “Pareceume excelente que quixeses colaborar” pódese transformar en “*Pareceume* excelente a túa *colaboración*”, para así poder comprobar a concordancia (“*Parecéronme* excelentes as túas *colaboracións*”).

Prodúcese un caso especial de concordancia cando o suxeito expresa un sentido partitivo ou colectivo nunha oración copulativa. Neste caso débese realizar unha concordancia de sentido coa pluralidade designada e non co singular do núcleo do suxeito: “A *metade* das cuestións propostas *eran* irresolúbeis” ou “A *maioría* dos froitos recollidos *estaban* deteriorados”. Cando o verbo non é copulativo cómpre realizar a concordancia sintáctica normal: “A *metade* das cuestións propostas non *tiña* solución” ou “A *maioría* dos froitos recollidos *presentaba* algunha eiva”.

Aínda que a maioría das estruturas oracionais contan con suxeito, algunhas oracións carecen del. Son as denominadas **oracións impersoais**. Cómpre non confundilas coas oracións de suxeito omitido ou elíptico, nas cales existe un suxeito, aínda que este non estea explícito. As oracións sen suxeito poden ser de tres tipos:

- Unipersoais. Constrúense con verbos unipersoais, aqueles que presentan unha única persoa (3ª de singular) e refírense a fenómenos da natureza. Exemplos: “Aquel día ventaba moito na praia”, “Daquela xa estaba anoitecendo”.

- Impersoais de *facer* e *haber*. Constrúense cun destes verbos na 3ª persoa do singular e normalmente contan cun complemento directo. Exemplos: “Onte fixo un ano da voda de meu irmán”, “Hai un reloxo de ouro no caixón”.

- Impersoais con *se*. Constrúense cun verbo en 3ª persoa do singular acompañado do pronome *se*. (V. apéndice sobre os valores do *se* no apéndice do documento). Exemplos: “En Santiago vívese bastante ben”, “Vaise por aquí a Vilagarcía?”.

2.2.- O predicado

O predicado está constituído por unha frase verbal, no interior da cal se encontran as funcións primarias.

Verbo: : “Aquel día foi demasiado longo”.

Perífrase verbal: “Aquel día estaba resultando demasiado longo”.

2.3.- O complemento directo

É o complemento oracional sobre o que recae de xeito directo a acción expresada polo ver-

bo. Pode estar desempeñado por un substantivo, un pronome, unha frase nominal, unha frase preposicional introducida pola preposición *a* ou unha oración subordinada substantiva.

Substantivo: "Comrou peixe no mercado".

Pronome: "Non te vin na asemblea comarcal".

Frase nominal: "Reclamaban os seus dereitos".

Frase preposicional introducida por *a*: "Chamou a Xoana para que o axudase".

Oración subordinada substantiva: "Intentou que o convocasen para o certame".

Os **pronomes** que poden desempeñar a función de complemento directo son:

ME, TE, O/A/LO/LA/NO/NA, SE. "Non te levaron á festa", "Non a levaron á festa".

NOS, VOS, OS/AS/LOS/LAS/NOS/NAS, SE. "Traerannos en coche", "Xa se vestiron".

Na 3ª persoa poden aparecer tres series de pronomes non reflexivos, dependendo do contexto no que se encontren:

- Os pronomes *lo, la, los e las*, aparecen detrás de formais verbais rematadas por *-r* ou *-s*, detrás dos pronomes *nos, vos e lles* e detrás do adverbio interrogativo *u*: "Temos que desbotalo necesariamente", "Non llelo preguntaron aos que o sabían" "E o meu libro? Ulo?"

- Os pronomes *no, na, nos e nas* aparecen detrás de formas verbais rematadas por di-tongo decrecente: "Encontrounas moi desmelloradas", "Fareino mañá".

- No resto dos casos deben empregarse as formas *o, a os, as*: "Non os plantou no lugar axeitado".

Os casos nos que o complemento directo está desempeñado por unha **frase preposicional** introducida pola preposición *a* son moi limitados en galego. Unicamente pode aparecer cando o termo é un pronome, un nome propio ou un nome de parentesco: "Viuno a el na rúa", "Chamou a Xoana para que o axudase", "Convidei a teu pai á festa". Tamén pode aparecer para evitar enunciados ambiguos: "Matou un soldado británico a un grupo de rebeldes", "Matou a un soldado británico un grupo de rebeldes". Nos restantes casos, é incorrecto e emprego da preposición, aínda que o complemento directo sexa de persoa: "Foi visitar uns amigos", "Escoitaban atentamente o profesor", "Nunca se caracterizou por respectar como é debido os seus rivais".

O complemento directo **recoñécese** con facilidade porque pode ser substituído por algú dos pronomes átonos de 3º persoa: *o, a, os, as, lo, la, los, las, no, na, nos, nas*.

"Enviaron os soldados ao combate." > "Enviáronos ao combate."

"Vichesme a min." > "Vichelo a el."

"Intentou que o convocasen para o certame." > "Intentouno."

Cando o complemento directo precede o verbo, é habitual que apareza un pronome **pleonástico** (redundante): "A Xiana non a volveu a ver en toda a noite".

2.4. O complemento indirecto

É o complemento oracional ao que lle afecta de maneira indirecta a acción expresada polo verbo. Pode estar desempeñado por unha frase preposicional introducida pola preposición *a* ou por un pronome persoal.

Frase preposicional introducida por *a*: "Ofrecemos aos señores clientes a posibilidade de gañar un premio".

Pronome persoal: "Deulle unha información moi importante".

Os **pronomes** que poden desempeñar a función de complemento indirecto son:

ME, CHE, LLE. "Escribiche unha mensaxe preciosa", "Non lle deu nada".

NOS, VOS, LLES, SE. "Traerannos os obxectos perdidos", "Escribíronse unhas mensaxes preciosas".

O complemento indirecto **recoñécese** con facilidade porque pode ser substituído por algún dos pronomes átonos de 3º persoa: *lle, lles*.

"Ofrecemos aos señores clientes a posibilidade de gañar un premio" > "Ofrecémoslles a posibilidade de gañar un premio".

Resulta bastante frecuente que cando o complemento indirecto está desempeñado por unha frase preposicional apareza tamén un pronome **pleonástico**: "Non lles dixen ás túas amigas nada que as puidese ofender".

2.5. O complemento de solidariedade

É un complemento oracional pronominal referido unicamente á 2ª persoa, que ten como obxectivo facer partícipe ao interlocutor (ou interlocutores) da mensaxe do emisor, implicándoo afectivamente na acción. Empréganse só en contextos coloquiais da fala.

Pronome persoal: "Pois non está aquí; foiche a Inglaterra de viaxe".

Os **pronomes** que poden desempeñar a función de complemento de solidariedade son:

CHE ou LLE (de cortesía) referidos á 2ª persoa de singular: "Estache estudando Xornalismo", "Estálle estudando Xornalismo".

VOS ou LLES (de cortesía) referidos á 2ª persoa de plural: "Hai pouco que aprendeu, pero xa vos conduce de marabilla", "Hai pouco que aprendeu, pero xa lles conduce de marabilla".

As formas coinciden coas co complemento indirecto, pero, a diferenza del, neste caso a acción do verbo non se refire á 2ª persoa e o pronome pode ser suprimido sen que a oración

perda contido semántico.

“Fíxoche [a ti] unha torta de aniversario (CI) vs. “Fíxoche un tempo fantástico” (CS)

2.6. O complemento de réxime (ou suplemento ou complemento preposicional)

É un complemento oracional que vai introducido sempre por unha preposición rexida polo verbo. Está próximo a nivel significativo do complemento directo, mais presenta unha forma semellante ao complemento circunstancial, polo que en ocasións pódese confundir con el.

Frase preposicional: “Aspiraba ao título de mellor vendedor do mes”.

O complemento de réxime pode ser substituído pola preposición seguida do pronome neutro iso.

“Aspiraba ao título de mellor vendedor do mes” > “Aspiraba a iso”.

Para distinguilo do complemento circunstancial, cómpre reparar en se a preposición que introduce a frase preposicional está rexida ou non polo verbo. No primeiro caso será un complemento de réxime e no segundo caso un complemento circunstancial.

“Está sempre a falar de fútbol” (CR) vs. “Está sempre a falar cos amigos” (CC).

“Namorouse dun americano” (CR) vs. “Namorouse en América” (CC).

“Asustáronse dos prezos” (CR) vs. “Asustáronse na parte final da película” (CC).

2.7. O complemento circunstancial

É o complemento oracional que dá nocións sobre as circunstancias nas que se desenvolve a acción. Presenta unha grande variedade formal e de contido. Segundo o tipo de significación que achegue, pódense encontrar complementos circunstanciais de tempo, lugar, modo, causa, negación, compañía, cantidade, instrumento...

Pode estar desempeñado por unha frase nominal, por unha frase preposicional, por un adverbio, por unha frase adverbial ou por unha oración subordinada adverbial.

Frase nominal: “Este mes incrementouse a cifra do paro.”

Frase preposicional: “Realizou unha viaxe en avión a Buenos Aires.”

Adverbio : “Non o encontrei onte na súa casa.”

Frase adverbial: “O francés domíno bastante ben, pero fala inglés moi mal.”

Oración subordinada adverbial: “Non apañaron as patacas cando debían.”

2.8. O complemento axente

É o complemento oracional que expresa quen ou que realiza a acción expresada polo verbo

nunha oración de pasiva.

Está desempeñado sempre por unha frase preposicional introducida pola preposición *por*.

Frase preposicional: "Os inmigrantes foron reclamados polos seus países de orixe."

Recoñécese con facilidade porque ao converterse a oración pasiva nunha oración en voz activa, o complemento axente convértese en suxeito.

"Os inmigrantes foron reclamados polos seus países de orixe" > Os seus países de orixe reclamaron os inmigrantes."

2.9. O atributo

É o complemento oracional que expresa unha calidade, propiedade, estado ou identidade do suxeito nas oracións que presentan verbo copulativo.

Pode estar desempeñado por un adxectivo, por unha frase adxectiva, por un substantivo, por unha frase nominal, por un pronome ou por unha oración subordinada substantiva.

Adxectivo: "Creo que a profesora está fatigada."

Frase adxectiva: "Creo que a profesora está moi fatigada."

Pronome: "Disme que non está fatigada e eu creo que si o está."

Substantivo: "Creo que a profesora é María."

Frase substantiva: "Creo que a profesora é esa señora."

Oración subordinada substantiva: "Creo que a profesora é quen está a ollar para nós."

O atributo concorda en número e persoa co núcleo do suxeito ("El está fatigado", "Elas están fatigadas"). Admite **substitución pronominal**. Esta substitución pode ser de dous tipos, dependendo da variedade de atributo na que se realice. Os denominados atributos de calidade, é dicir, aqueles que están desempeñados por un adxectivo ou por unha frase adxectiva, son substituídos polo pronome invariable *o*.

"Creo que o profesor está fatigado." > "Creo que o está."

"Creo que a profesora está fatigada." > "Creo que o está."

"Creo que os profesores están fatigados." > "Creo que o están."

"Creo que as profesoras están fatigadas." > "Creo que o están."

Pero nos denominados atributos de identidade, é dicir, aqueles que están desempeñados por substantivos, frases nominais e oracións subordinadas substantivas, o pronome concorda en xénero e número.

"Creo que o profesor é ese señor louro." > "Creo que o é."

"Creo que a profesora é esa señora loura." > "Creo que a é."

"Creo que os profesores son eses señores louros." > "Creo que os son."

“Creo que as profesoras son esas señoras louras.” > “Creo que as son.”

Cando o atributo precede o verbo, pode aparecer un pronome **pleonástico** (redundante): “Felices estábano e moito, cando coñeceron os resultados”.

2.10. O complemento predicativo.

É o complemento oracional equivalente ao atributo en oracións de predicado verbal. Como el, expresa unha calidade, propiedade ou estado do suxeito e concorda con el en xénero e número. Mais, a diferenza del, pode referirse tamén ao complemento directo, non admite substitución pronominal e unicamente pode estar desempeñado por un adxectivo ou por unha frase adxectiva.

Adxectivo: O corredor chegou fatigado.”


Frase adxectiva: “As corredoras chegaron moi fatigadas.”

Cando se refire ao complemento directo e concorda con el, cómpre prestar atención á estrutura sintáctica para saber distinguilo do propio complemento directo. Así, na oración “Deixáron o cuarto completamente desordenado”, o complemento directo é unicamente “o cuarto”, como se pode comprobar realizando a substitución pronominal (“Deixárono completamente desordenado”). “Completamente desordenado” concorda con “o cuarto”, atribuíndolle un estado ou calidade; daquela debemos consideralo complemento predicativo do complemento directo.

3. A análise sintáctica

Enténdese por análise sintáctica a identificación das funcións primarias e secundarias dunha oración. Nela, indícase con claridade a xerarquía existente entre os distintos elementos que constitúen a oración. Normalmente, adóitase facer tamén referencia ás **categorías** morfolóxicas (palabras, frases e oracións) que desempeñan esas **funcións**, polo que esta modalidade de análise pódese denominar máis ben morfosintáctica.

As **representacións** gráficas dunha análise sintáctica poden ser variadas. Normalmente, prefírese a disposición arbórea, por presentar unha maior claridade e por admitir análises de oracións de gran complexidade. No seguinte modelo, altéranse as funcións, escritas en maiúscula (nas parte sombreadas) coas categorías morfolóxicas que as desempeñan, escritas en minúscula (nas partes en branco).



4. A oración composta

Unha oración composta é unha oración constituída por dúas ou máis oracións, que presentan entre si dous tipos básicos de relacións: a coordinación e a subordinación.

Nas oracións compostas por coordinación, as oracións que as integran encóntanse no mesmo nivel xerárquico e conservan unha certa autonomía. Un exemplo de coordinación pode ser esta oración: "Antón irá a Barcelona e o resto do grupo permanecerá en Mallorca". Na subordinación, pola contra, as dúas oracións encóntanse a distinto nivel xerárquico e unha delas, a subordinada, depende sintacticamente da outra, a principal. Así, na oración "Antón irá a Barcelona cando sexa o momento oportuno", "cando sexa o momento oportuno" é unha oración subordinada que forma parte integrante da principal, funcionando, neste caso, como complemento circunstancial dela.

4.1. A coordinación


As oracións coordinadas presentan a seguinte tipoloxía:



<p>Copulativas. Nexos: e, e mais, nin.</p>	<p>As oracións coordinadas presentan entre si unha simple relación de adición.</p>	<p>"Fomos ao concerto e ceamos nun restaurante vexetariano".</p>
---	--	--

Adversativas. Nexos: pero, mais, senón.	As coordinadas presentan unha relación bipolar de contraposición.	“Intentouno por todos os medios, pero non o conseguiu”.
Disxuntivas. Nexos: ou, ou ben.	As coordinadas expoñen alternativas que se exclúen entre si.	“Comprará un coche ou conformarase coa moto”.
Distributivas. Nexos: xa... xa, tanto... como, ora...ora, ou... ou.	As coordinadas expoñen alternativas diferentes, pero non excluentes.	“Ora xoga de dianteiro, ora baixa á defensa, ora xoga de lateral”.
Explicativas. Nexos: isto é, é dicir, ou sexa.	A segunda coordinada aclara ou explica o sentido da primeira.	“A superficie quedará completamente limpa, isto é, será retirada a totalidade dos residuos”.

Análise dunha oración composta por coordinación:


“Tocou ben a guitarra, pero a actuación de piano foi bastante decepcionante”





4.2. A subordinación

Hai tres tipos diferentes de oracións subordinadas, segundo a función que desempeñen a respecto do oración principal: substantivas, adxectivas e adverbiais.



4.2.1. A subordinación substantiva

As oracións subordinadas substantivas desempeñan dentro da oración principal as mesmas funcións que adoitan desempeñar o substantivo ou a frase nominal. Por exemplo, na oración composta "Eles necesitan que os axudes", a oración subordinada substantiva "que os axudes" desempeña a función de complemento directo, dunha maneira equivalente á frase nominal "a túa axuda" na oración simple "Eles necesitan a túa axuda".


As subordinadas substantivas van introducidas polos nexos *que* ou *se* e poden desempeñar as seguintes funcións.

Suxeito.	"Pareceume mal <u>que me respondeses iso.</u> " ("Pareceume mal a túa resposta.")
Complemento directo.	"Condenamos enerxicamente <u>que te expulsasen do consello.</u> " ("Condenamos enerxicamente a túa expulsión.") "Preguntáronlle <u>se estaba de acordo co veredicto.</u> "
Atributo.	"O profesor de inglés é <u>quen está aí sentado.</u> " ("O profesor de inglés é <u>ese señor sentado.</u> ")

<p>Termo dunha f prep que funciona como complemento de réxime ou como modificador.</p>	<p>“Aspiraba a <u>que a nomeasen directora xeral.</u>” (“Aspiraba a <u>directora xeral.</u>”) “Tiña ganas de <u>que lle servisen unha boa comida.</u>” (“Tiña ganas <u>dunha boa comida.</u>”)</p>
---	---

Análise dunha oración composta por subordinación substantiva:

“A orquestra do conservatorio conseguiu onte que o público marchara encantado”



4.2.2. A subordinación adxectiva

As oracións subordinadas adxectivas desempeñan dentro da oración principal as mesmas funcións que adoitan desempeñar o adxectivo ou a frase adxectiva, é dicir, a de modificador dentro dunha frase nominal. Por exemplo, na oración composta “Esta é a empresa que patrocinou os premios”, a oración subordinada adxectiva “que patrocinou os premios” desempeña a función de modificador, dunha maneira equivalente ao adxectivo “patrocinadora” na oración simple “Esta é a empresa patrocinadora dos premios”.

As oracións subordinadas adxectivas poden ser de dous tipos: **especificativas** e explicativas. As primeiras determinan o antecedente (palabra ou frase da oración principal á que se refiren) e identifícanos dentro dun grupo máis amplo. Por exemplo, na oración “Os ordenadores que foron danados pola treboada foron substituídos”, a subordinada dá a entender que só un determinado número de ordenadores (aqueles que resultaron danados) foron os

substituídos.

As subordinadas adxectivas **explicativas** non delimitan o antecedente; simplemente proporcionan unha información adicional (que pode ser prescindible) sobre el. Así, na oración “Os ordenadores, que foron danados pola treboada, foron substituídos”, a subordinada non restrinxe o número de ordenadores danados (enténdese que foron todos), senón que dá unha información sobre a causa da substitución (o dano producido pola treboada). A nivel ortográfico, as oracións explicativas sepáranse do antecedente da oración principal por unha coma e as especificativas, non.

Unha particularidade importante deste tipo de subordinadas é que non están introducidas por un nexa senón por un **pronome relativo** ou algunha partícula con valor relativo.

Pronomes relativos	QUE, CAL/ES, QUEN, CUXO/A/OS/AS
Partículas con valor relativo	ONDE, CANDO, COMO CANTO


Os relativos, ademais de introducir a subordinada, desempeñan tamén unha función dentro dela. Así, na oración (a) da serie seguinte, o pronome relativo funciona como suxeito dentro da subordinada, na (b) como complemento directo e nas catro seguintes como núcleo do termo dunha frase preposicional que funciona como complemento directo, complemento indirecto, complemento de réxime e complemento circunstancial, respectivamente.

- a) “Onte coñecín o rapaz que resultou ferido.”
- b) “Onte coñecín o rapaz que convidaches á festa.”
- c) “Onte coñecín o rapaz ao que propuxeches como secretario.”
- d) “Onte coñecín o rapaz ao que escribiches.”
- e) “Onte coñecín o rapaz do que me falaras.”
- f) “Onte coñecín o rapaz con quen vou ir a Barcelona.”

Para recoñecer con facilidade esta función, basta con substituír na subordinada o pronome relativo polo antecedente. Por exemplo, na oración (a), esta substitución convertería “que foi ferido” en “o rapaz resultou ferido”, onde se recoñece a expresión subliñada claramente como suxeito. De modo análogo, na (d) a substitución de “do que me falaras” por “falárasme do rapaz” pon en evidencia que a función do pronome relativo é a de núcleo do termo da frase preposicional que funciona como complemento de réxime.

Análise dunha oración composta por subordinación adxectiva:

“Os arqueólogos notificaron hoxe os desperfectos que causara o sismo na vila”



4.2.3 A subordinación adverbial

As oracións subordinadas adverbiais adoitan desempeñar a respecto da oración principal as mesmas funcións que os adverbios ou as frases adverbiais. Hai dúas variedades ben diferenciadas de subordinadas adverbiais: as **propias** e as **impropias**. As primeiras funcionan como complemento circunstancial dentro da oración principal. Son as subordinadas de lugar, tempo e modo. Por exemplo, na oración (a) da serie seguinte, observamos como a subordinada funciona de maneira análoga ao adverbio *alí* da oración simple (b): complemento circunstancial de lugar. O mesmo sucede, cos complementos circunstanciais de tempo e de modo das oracións (c) e (d) e (e) e (f), respectivamente.


- a) “Non encontraron os documentos onde deberían estar.”
- b) “Non encontraron os documentos alí.”
- c) “Chegou cando estaba previsto.”
- d) “Chegou onte.”
- e) “Fíxoo como mellor lle pareceu.”
- f) “Fíxoo así.”

Oracións subordinadas adverbiais propias.

<p>Lugar. Nexos: onde, onde queira que.</p>	<p>Funcionan como complemento circunstancial de lugar dentro da principal.</p>	<p>“Quedaron para facer a festa <u>onde a fixeran o ano anterior</u>”.</p>
<p>Tempo. Nexos: cando, mentres, antes de que, despois de que, desde que até que.</p>	<p>Funcionan como complemento circunstancial de tempo dentro da principal.</p>	<p>“Chegamos á estación <u>cando o tren xa marchara</u>”.</p>
<p>Modo. Nexos: como, segundo, conforme, tal e como.</p>	<p>Funcionan como complemento circunstancial de modo dentro da principal.</p>	<p>“Realizaron as probas de cualificación <u>como debían</u>”.</p>

Análise dunha oración composta por subordinación adverbial propia:

“O equipo técnico realizou algunhas probas onde estaba prevista a filmación”



As oracións subordinadas impropias establecen unha relación bipolar de dependencia a respecto da oración principal, mais, a diferenza das propias, non desempeñan unha función dentro dela, senón que se encontran, xerarquicamente, ao seu mesmo nivel. Poden representar nocións moi diversas, de causa, consecuencia, finalidade, concesión, condición ou comparación, sempre facendo referencia ao contido da oración principal.

Oracións bipolares (bimembres)

<p>Condicionais. Nexos: se, como, sempre que, en caso de que, con que.</p>	<p>Expoñen unha condición necesaria para a realización da acción expresada pola principal.</p>	<p>"Poderás coñecelo <u>se vés comigo á presentación do libro</u>".</p>
<p>Concesivas. Nexos: así, a pesar de que, aínda que, malia que.</p>	<p>Expoñen unha dificultade ou obstáculo que non impide a realización da acción expresada pola principal.</p>	<p>"<u>A pesar de que apenas lle dedicaron tempo á preparación do exame</u>, conseguiron aprobar."</p>
<p>Causais. Nexos: porque, como, xa que, posto que como queira que.</p>	<p>Presentan a causa da acción expresada pola principal.</p>	<p>"Non enfermaba case nunca <u>porque seguía unha dieta rica en vitaminas</u>."</p>
<p>Consecutivas. Nexos: entón, daquela, polo tanto, logo, xa que logo, así pois.</p>	<p>Presentan a consecuencia da acción expresada pola principal.</p>	<p>"Seguía unha dieta rica en vitaminas, <u>así que non enfermaba case nunca</u>."</p>
<p>Finais. Nexos: que, para que, a fin de que, en favor de que.</p>	<p>Expresan o obxectivo ou a finalidade da acción expresada pola principal.</p>	<p>"Editou con atención os documentos <u>para que a presentación resultase atractiva</u>."</p>
<p>Comparativas. Nexos: tan(to)... como/a, máis ... (do) que/ca, menos ... (do) que/ca.</p>	<p>Comparan dúas accións ou calidades.</p>	<p>"Resultou ser moito máis complexo <u>do que pensaran inicialmente</u>".</p>